

## PERFIL DOS PREGOEIROS:

### COMPAÑÍA FEMME FATALE

É un grupo de teatro que xunta artistas de diferentes sectores das artes escénicas co obxecto de crear espectáculos en clave de cabaré.

Con sede na Coruña, a compañía creada para o *I Festival Galego de Cabaré (Cabaré3 Oleiros 2006)*, e cunha forte implicación no *II Festival Galego de Cabaré (Cabaré3 Pontevedra 2007)*, conta cunha escola propia de formación e ten no elemento formativo un pilar fundamental do seu funcionamento. No *III Festival Galego de Cabaré (Cabaré3 A Coruña 2008)* consolida a súa actividade coa presentación de tres espectáculos que a definen como unha das apostas máis sólidas do panorama teatral galego en torno ao cabaré contemporáneo.

Composta por un nutrido grupo de artistas entre os que atopamos malabaristas, bailarinas, actrices ou cantantes, ten a súa base de funcionamento no afondamento, galeguización e recreación do cabaré, creando propostas de rúa, espectáculos de sala e actualizando o xénero. Dirixida por Nelson Quinteiro, quen á vez dirixe o Festival Galego de Cabaré, ten en funcionamento tres espectáculos de corte e filosofía ben diferenciada.

### ESPECTÁCULOS:

#### 1) CaBaRéDeAmBuLaNtE (espectáculo para o Pregón)

CaBaRéDeAmBuLaNtE é o espectáculo de rúa da Compañía Femme Fatale con música en directo do cuarteto Jazz St. James Street Band. En 2008 este espectáculo convirtese no produto estrela da Compañía, que percorreu prazas como San Fernando de Henares, Madrid, Verín, Lugo, A Coruña, e mesmo participou en festivais como o Festival Visible, o Festiva da Palabra ou o III Festival Galego de Cabaré.

CaBaRéDeAmBuLaNtE trátase dun espectáculo de rúa que consiste na irrupción dun cabaré ambulante na realidade máis cotidiá, nunha explosión de cor, sensualidade, ambigüidade e altas doses de *glamour* envoltas baixo un fío conductor coreográfico.

Catro músicos (caixa, tuba, saxo e trompeta) acompañados de cinco actrices e un mestre de cerimonias nada convencional que convertirán a Praza do Toural e a zona vella nun Music Hall, unha avenida nun boulevard ou o kiosko dos músicos no escenario dun can.

Despois dun novo proceso de montaxe en xaneiro de 2009 o CaBaRéDeAmBuLaNtE amósase como un espectáculo dinámico de intervención urbana, coreografías e posta en escena do máis cabareteiro en máis dunha hora e media de actuación. Interven en el Óscar Prieto (tuba) GDJazz Pereiro (trompeta) Fernando Bouzón (saxo) Javier Barral (caixa) e Nuria Sotelo, Uxía Vázquez, Maisha Ramos, Débora Botana, María Polo, María Manero e Nelson Quintero. Con máis de 20 funcións ás súas costas o espectáculo aparece como unha proposta festiva, visible e orixinal de prantarlle cara á crise ideal para o Antroido de Compostela.

## **2) CABARÉNCRISE (espectáculo para a gala cabaré na Sala Capitol)**

Este sábado estrearase oficialmente na Sala Capitol o espectáculo máis recente da compañía, CABARÉNCRISE, que presenta ao cabaré como o mellor balsamo para os tempos de crise como os que vivimos:

REDUCIR. RECICLAR. REUTILIZAR. As tres erres aparecen sempre como unha recurso irremprazable á hora de remediar calquer areducto de crise.

Trátase dun espectáculo no que se mesturan as mellores coreografías e os mellores guións en máis de 100 minutos de duración con música en directo coa banda St James Street Band, un corpo de 6 bailarinas, un mestre de cerimonia nada convencional, unha cantante de jazz, unha bailarina de danza contemporánea, un malabarista, proxeccións audiovisuais e un feixe de disciplinas unidas baixo un fío conductor de “nocturnidade, alevosía e diversión, o mellor bálsamo para os tempos de crise” –apuntan desde Femme fatale.

Participantes:

- ? Músicos: St James Street Band: Óscar Prieto (tuba) GDJazz Pereiro (trompeta) Fernando Bouzón (saxo) Javier Barral (caixa)
- ? Elenco: Nuria Sotelo, Uxía Vázquez, Débora Botana, María Polo, María Manero, Yolanda Paz e Nelson Quintero
- ? Voz: Carla de Figueredo
- ? Artista invitado: Fredi
- ? Luz e son: Jesús R. Arias
- ? Rexidor: Diego A. Silva
- ? Axudante de dirección: Koldobika Gomila
- ? Guión, idea e dirección: Nelson Quintero